

# REMANDO CARA A IGUALDADE

Obradoiro creado por O Baúl da tía Tola

Coa colaboración da axente de igualdade Ana Román

O BAÚL DA  
TÍA TOLA



## REMANDO CARA A IGUALDADE

É unha actividade lúdica e educativa dirixida a rapaces e rapazas de 3 a 11 anos, co obxectivo de resaltar a igualdade e o respecto como valores esenciais para a convivencia entre as persoas. A actividade consta dunha breve peza teatral que trata a igualdade e diferentes dinámicas de xogo que darán lugar a un debate sobre esta temática.

A actividade desenvolverase en lingua galega para potenciar o seu uso en diferentes ámbitos, xa que ademais de asistir a un espectáculo en galego tanto rapaces como rapazas empregaranos para comunicarse durante o xogo.

A temática do obradoiro xira en torno a igualdade, facéndonos as seguintes preguntas: cal é a diferenza entre nenos e nenas? Temos as mesmas oportunidades homes e mulleres? Mostramos as mesmas emocións rapaces e rapazas? Empregamos a linguaxe inclusiva no noso día a día?.





## OBXECTIVOS

---

- Impulsar o uso de valores sobre igualdade de xénero.
- Comprender a diferenza entre xénero e sexo.
- Potenciar a visión crítica sobre roles establecidos e estereotipos.
- Crear un espazo cómodo para a liberdade de expresión e o respecto.
- Fomentar a autoestima, a non discriminación e a igualdade de oportunidades.
- Impulsar o valor do xogo como medio de aprendizaxe.
- Promover a linguaxe teatral como vehículo para achegarnos ás emocións.
- Achegar as artes escénicas ás escolas.
- Incentivar o uso do idioma galego



## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Remando cara a igualdade é un proxecto con dúas partes diferenciadas unidas por unha mesma temática: unha breve peza teatral e dinámicas de xogo.

### 1- Peza teatral

Alén, achégase a contarnos unha historia na que se embarcou de pequena e que a levou a decidir ser unha mariñeira!

De nena, vivía nun pobo con mar cunhas circunstancias ben curiosas: polo simple feito de nacer nena ou neno, había unha serie de cousas que non podías facer, e pola contra outras que debías facer sempre...

A nena, farta de escoitar á xente laiarse por non poder facer o que desexan, decide embarcarse nunha aventura mariñeira para comprobar se a lenda que contaban os avós e avoas do pobo era certa. Será quen de facer que as cousas muden no seu pobo?

## 2- Dinámicas para xogar e debater

Dispoñemos de diversas dinámicas de xogo que nos levarán a reflexionar dun xeito crítico sobre a situación actual no ámbito da igualdade e dependendo da comprensión de cada idade, abordaremos distintas cuestións. Escolleremos dous destes xogos para realizar con cada grupo:

- **O ser máxico chega á Terra:**

Deberán explicarlle a un ser extraterrestre como diferenciar un neno dunha nena.

- **Improvisacións Teatrais:**

Propoñemos diferentes situacións que terán que resolver comprobando se existen os roles de xénero.

- **Pasapalabra:**

A partir da proba do roscó do famoso concurso atoparemos palabras e expresións galegas relacionadas con esta temática.

- **Bandeira de igualdade:**

Construiremos entre todos e todas unha bandeira na que deixemos pegada do que cada quen pode aportar á igualdade.

- **Xincana:**

Diferentes probas coas que comprobaremos se tanto nenas coma nenos son capaces de levalas a cabo.

- **Dálle vida!**

A partir das imaxes de dous bebés terán que imaxinar a vida de cada un e analizaremos se o xénero inflúe nas decisións tomadas.

- **Acordo ou desacordo**

Teremos que posicionarnos ante diferentes afirmacións sacadas de noticias, películas, libros, etc,...







## DIRIXIDO A

Grupos de 2º ciclo de Educación Infantil e todos os cursos de Educación Primaria.

Número máximo de participantes por actividade 50 alumnos/as.

Necesario que cada grupo veña acompañado polo seu titor/a.



## DURACIÓN

A actividade ten unha duración de 1 hora

## DATA DE ESTREA

27- outubro – 2021. CEIP Fontes -Baíña (Baiona)



## CONTACTO

655055654 (Soraya) 646045354 (Anna)

obaudatiatola.com

[obaudatiatola@gmail.com](mailto:obaudatiatola@gmail.com)



**GRAZAS!**

OBAUDATI  
TOLA